

proyecto en fase de ejecución
Autores: Inxeniería Lagares OK. Vigo

INFORME SOBRE O PROXECTO DO PASEO MARÍTIMO DA SEARA. 2014

Autor do informe:
Juan Manuel Fernandez Rivas.
arquitecto
Moaña



PASEO MARÍTIMO DE A SEARA. MOAÑA

informe

Juan Manuel Fernandez Rivas arquitecto

INTRODUCCIÓN :

O obxecto deste informe é aclarar a desinformación e a confusión dos datos que se fixeron públicos hasta a fecha, por parte do concello de Moaña entorno ó proxecto e concurso de anteprojectos do Paseo Marítimo da Seara.

Ademais quero desmentir os datos aparecidos no Faro de Vigo e no Atlántico Diario o día 22-3-2014 respecto a este proxecto, elaborado por a inxenería viguesa Lagares OK, xa que os datos publicados son os do anteprojecto do arquitecto Juan Manuel Fernández Rivas e non corresponden ni de cerca co proxecto agora en fase de execución de Lagares OK.

Tamen decir que parece muy triste que durante os anos 2011, 2012 e 2013 haxa dedicado infinidade de tempo e diñeiro a analizar, redibuxar e informar ó pobo, de proxectos aberrantes, engañosos e moi perxudiciais para Moaña co obxectivo de paralizar diversas actuacións, sin cobrar un solo euro e sen realizar ningún outro proxecto para mellorar o pobo. Estes proxectos foron o Desdoblamento do vial de Tirán (Diputación 2011), Circunvalación de Moaña (Xunta 2012), Desdoblamento do Corredor do Morrazo (Xunta 2012) e Parque Eólico do Morrazo (Ennel Green Power 2013).

PASEO MARÍTIMO DE A SEARA.

A iniciativa da actuación parte do arquitecto Juan Manuel Fernández Rivas, que en xuño de 2011, sin cobrar un euro e correndo con todos os gastos, lle presenta ó alcalde José Ferverza un anteprojecto con orzamento, co obxectivo de que o alcalde poida conseguir os fondos necesarios para realizar a actuación.

A idea consistía nunha actuación emblemática que pusera en valor o patrimonio histórico do tramo (as únicas dúas Carpinterías de Ribeira que quedan en Moaña), ademais de conectar e darlle continuidade ó carril bici dende a Plaza de Abastos ata a Xunqueira así como dignificar a desembocadura do Río Pontillón.

Con esta idea e estes obxectivos o alcalde presenta o anteprojecto ó Presidente Feijoo, que acepta financiar a actuación no 2012, a traves da Consellería de Infraestructuras e Portos de Galicia ó 50%. O concello encargárase do proxecto e conseguir os terreos necesarios.

CONCURSO DE ANTEPROXECTOS

Así en maio de 2013, o Concello de Moaña, plantexa un concurso restrinxido e negociado a tres bandas; invitando ó arquitecto local Juan Manuel Fernandez Rivas, e a dúas enxeñerías de Vigo e Coruña.

A valoración das propostas plantexa: a maior puntuación correspondía os honorarios mais baratos, seguida do menor prazo de execución do proxecto e o que menos valor tería seía a proposta arquitectónica.

Ademais as bases do concurso, metían no mesmo saco de licitación todos os traballos externos necesarios: proxecto de execución, dirección de obra, medición do plano topográfico, estudo xeotécnico, estudo de seguridade e saúde e coordinación de seguridade e saúde; fixando un tope máximo de licitación de 15.000€ e dous meses de prazo; cando todos estes traballos costan entorno a 30.000€.

A pesar de ser unha actuación non rentable para o meu estudio, presento a miña proposta cos dos topes fixados: 15.000€ e dous meses de prazo.

A inxeñería Lagares Ok, presenta unha oferta de 10.000€ e un mes de prazo e gaña o concurso. Despois Lagares OK tarda cerca dun ano en presentar o proxecto de execución.

PASEO MARÍTIMO DE A SEARA. MOAÑA

COMPARATIVA CONCURSO ANTEPROXECTOS: LAGARES OK - FERNÁNDEZ RIVAS :



Proxecto Lagares OK: Gañador do concurso

Orzamento:
420.000€

Oferta económica:

(Inclúe proxecto de execución, dirección de obra, Estudo Seguridad e Saúde, coordinación SS, medición plano topográfico e estudo xeotécnico)

10.000€

Plazo execución do proxecto:
1mes



Proxecto Fernández Rivas :

Orzamento: **420.000€**

Oferta económica: **15.000€**

(Inclúe proxecto, dirección de obra, Estudo Seguridad e Saúde, coordinación SS, medición plano topográfico e estudo xeotécnico)

Plazo execución : **2 meses**

Estas cifras eran as máximas permitidas no concurso.

- | | | | |
|-------------------------|--------------------------|---------------------------------|------------------------|
| 1. PASARELA DE MADEIRA | 7. RAMPLA DE PEDRA | 13. PAVIMENTO DE PEDRA | 19. BARANDA DE MADEIRA |
| 2. CARRIL BICI | 8. BANCO PETRIL DE PEDRA | 14. VÍA PEONIL TRANSVERSAL | 20. PARQUE |
| 3. BANCO MIRAMAR | 9. BANCO DE MADEIRA | 15. ELEMENTO DE XOGA | 21. ZONA VERDE |
| 4. ESCALEIRA DE MADEIRA | 10. PONTE LEVADIZA | 16. ESCULTURA. "DARCA" | 22. VIRAVENTOS |
| 5. ESCALEIRA DE PEDRA | 11. FORMIGÓN IMPRESO | 17. DESEMBOCADURA RIO PONTILLÓN | |
| 6. RAMPLA DE MADEIRA | 12. EMPARRADO | 18. APARCADOIRO (48pl.) | |

PASEO MARÍTIMO e CARRIL BICI, L=320m,

A idea de Lagares consiste en ocupar a franxa interior do borde litoral con 6m de ancho, dividido en 4m de paseo e 2m de carril bici. Con este planteamiento é necesario demoler parte das Carpinterías de Ribeira e facer 30m en madeira fronte o clube de xubilados. O deseño ramatase con mobiliario estandar : barandilla continua , banco, farola e papeleira cada 15m.

XARDÍN

Deseño estandar con mobiliario estandar.

RUAS TRANSVERSALES

As rúas transversales de acceso o litoral, agora en mal estado; ignoranse nin tan sequera aparecen debuxadas no plano.

PASARELA DE MADEIRA L=30m


No tramo diante do Club de Xubilados

RÍO PONTILLÓN

O río Pontillón, e ignorado unha vez mais e queda fora da proposta.

APARCAMENTO 36 plazas

O aparcamento está mal resolto, xa que fai un embudo sin espacio para xirar; de forma que os coches teñen que saír do fondo marcha atrás. Ademais hai un deficiente aproveitamento do espacio



CARPINTERÍAS DE RIBEIRA

Derríbese o fronte das dúas últimas Carpinterías de Ribeira de Moaña ,eliminando tamen as vías de baixada, anulando así a operatividade das mesmas e toda posibilidade de recuperación ou musealización.

INFORME

PASEO MARÍTIMO DE A SEARA. MOAÑA análisis

Proxecto: Lagares OK:
Comparativa con estado actual

Marzo 2014

0m 50m 100m 200m 300m ESCALA GRÁFICA

LENDAX

	PASARELA MADEIRA
	CARRIL BICI
	PASO PEONIL
	XARDÍN
	BANCO GRANITO
	FAROLA
	PAPELEIRA





PROXECTO DE EXECUCIÓN LAGARES OK:

Resulta moi chamativo que despois de ofertar 1mes de prazo, Lagares tarda moitos meses mais en entregar o proxecto.

Tamén é sorprendente que os obxectivos iniciais encaminados a unha actuación emblemática que potencie o turismo e a economía local polos cales foi concedida a subvención; donde a posta en valor das Carpinterías de Ribeira, a continuidade do carril bici dende a Praza de Abastos e a dignificación do Río Pontillón non só son ignorados no proxecto de LagaresOK, senon que e ademais o que propoñen é todo lo contrario, unha actuación torpe, vulgar e vacía de contido; que literalmente pisotea o noso patrimonio, demoliendo parte das históricas edificacións: Carpintería de Casqueiro (6m) e o Asteleiro de Calragho (2m) e condenando a estas instalación a ser eliminadas xa que ó pasar o paseo e carril bici por diante as inutilizan como asteleiros. Ademais elimina totalas baixadas ó mar que agora existen no tramo, dúas ramplas e dúas escaleiras para facer tan só unha nova baixada ó mar.

Este planteamiento tan pouco riguroso e alonxado da natureza e historia do lugar, é xustificado por Lagares OK para reducir costes da actuación; cousa realmente increíble xa que a actuación parte dun orzamento (420.000 €) fixado previamente que permitiría facer moito mais do que eles plantexan.

Facendo un calculo aproximado do orzamento deste proxecto de LagaresOK, saenme en torno os 200.000€, se partimos que están concedidos 420.000€....qué pasa co resto dos cuartos??

Debido a este proxecto tan malo e destructivo, varios vecinos da zona neganse a ceder as súas propiedades e paralizan a actuación.

Os 5.000€ que aforrouse o Concello no proxecto, agora tería que gastar moito mais nas expropiacións; para facer algo que ninguén quere deste xeito, e perder unha oportunidade histórica de facer unha actuación emblemática.

CONCLUSIÓN

Non hai ningunha xustificación para continuar con esta aberración

Estamos a tempo de parar este sinsentido, e encontrar unha fórmula para retornar a senda correcta... donde non cabe nin este proxecto nin Lagares OK.

O pobo ten que falar, e dende o pobo, agora informado, hai que exigir que os nosos políticos invirtan en crear riqueza para Moaña, e non destruír patrimonio tirando os cartos.

Se os políticos non reaccionan.... que fale o pobo...

Juan Manuel Fernandez Rivas
arquitecto
24 marzo de 2014